A esta convocatoria seranlle de aplicación a Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, o Regulamento de organización e funcionamento da institución, aprobado pola Comisión de Peticións do Parlamento de Galicia con data do 16 de xaneiro de 2018 e publicado por Resolución do 22 de xaneiro, a Resolución do Valedor do Pobo, do 28 de novembro de 2023, pola que se aproban as bases xerais para as convocatorias para a adscrición, polo sistema de concurso de méritos, do persoal das administracións públicas a postos de traballo vacantes na relación de postos de traballo da institución (BOPG nº 614, do 19 de decembro), e a súa normativa complementaria e supletoria.

O posto está dotado coas súas retribucións correspondentes, consignadas nos orzamentos da institución do ano en curso.

2. Requisitos das persoas aspirantes

2.1. Xerais

Para seren admitidos, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:



- a) Ter a condición de persoal funcionario de carreira de calquera administración pública, pertencente ao corpo administrativo (grupo D ¹/C-2 ²).
- b) Non exceder a idade de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou discapacidade que impida o desempeño das funcións correspondentes.
- d) Non ter sido obxecto dunha separación de servizo de calquera administración pública mediante expediente disciplinario nin dunha inhabilitación con carácter firme para o exercicio de funcións públicas.

2.2. Concorrenza

Os requisitos establecidos no punto anterior deberán cumprirse no último día do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento da toma de posesión da praza resultante deste proceso.

3. Valoración de méritos

Os méritos alegados deberán posuírse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de cada convocatoria.

Os méritos serán valorados conforme aos seguintes criterios:

3.1. Antigüidade e experiencia profesional por servizos prestados en Administracións públicas ou órganos constitucionais ou estatutarios.

A antigüidade valorarase por anos de servizo. Diferenciarase a puntuación en función dos corpos ou escalas en que se prestou o servizo, atendendo ao seguinte baremo:

- a) 0,40 puntos por ano completo de servizos prestados como persoal funcionario en corpos ou escalas do mesmo nivel de titulación ou superior en que se encontre clasificado o posto a que se opta.
- b) 0,20 puntos por ano completo de servizos prestados como persoal funcionario en corpos ou escalas de inferior nivel de titulación en que se atope clasificado o posto a que se opta.

Esta puntuación asignarase porcentualmente aos períodos inferiores a 1 ano cunha duración mínima de 1 mes.

A puntuación máxima por antigüidade será de 12 puntos.

3.2. Cursos de formación e perfeccionamento

Serán valorados como mérito os cursos de formación impartidos ou recibidos cunha duración mínima de 8 horas e organizados ou promovidos polo Valedor do Pobo, polas escolas oficiais de formación do Estado, das comunidades autónomas, cursos organizados e/ou impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (AFEDAP) e os cursos organizados e/ou impartidos polas organizacións sindicais sempre que estean homologados ou acreditados polos órganos de formación das administracións públicas, atendendo á seguinte distribución:

¹ Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 20 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia.

² Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 42 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.



a) Cursos sobre réxime xurídico, actividade contable e actividade financeira das Administracións públicas e órganos constitucionais e estatutarios, xestión e contratación administrativa, persoal, políticas públicas e procedementos comunitarios (UE), administración electrónica, informática, protección de datos, calidade administrativa, atención á cidadanía, arquivo, linguaxe administrativa, comunicación, organización do traballo, mellora de habilidades e coñecementos transversais: 0,01 puntos por cada hora de formación, ata un máximo de 2 puntos por curso.

Puntuación máxima nesta epígrafe: 4 puntos.

b) Cursos en materia de Igualdade e violencia de xénero: 0,01 puntos por cada hora de formación, ata un máximo de 2 puntos por curso.

Puntuación máxima nesta epígrafe: 3 puntos.

c) Cursos en materia de transparencia, prevención de riscos laborais, seguridade e saúde laboral: 0,01 puntos por cada hora de formación, ata un máximo de 2 puntos por curso.

Puntuación máxima nesta epígrafe: 2 puntos.

d) Por estar en posesión de título de coñecementos dunha lingua estranxeira, acreditada segundo o Marco Europeo Común de Referencia para as linguas (MERC): 0,5 puntos para a titulación máxima que se posúa en cada idioma.

Puntuación máxima nesta epígrafe: 1 punto.

Os cursos unicamente poderán ser valorados nunha epígrafe.

Para os efectos de puntuación nesta epígrafe, valoraranse as probas de avaliación de carácter libre organizadas por escolas oficiais de formación do Estado e das comunidades autónomas, ao consideralas equivalentes a un aproveitamento polas horas previstas dos correspondentes cursos organizados e impartidos por elas.

Non se valorará a asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares, módulos ou partes integrantes dun curso, materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica, cursos de doutoramento e cursos que formen parte dos procesos de selección de persoal funcionario.

Non se valorarán cursos nos que non figure o número de horas de duración, cursos sobre normativa que estea derogada tres anos antes da data da publicación da presente convocatoria, nin cursos sobre aplicacións ou sistemas informáticos que pola súa obsolescencia, deixaron de ser utilizados nas administracións públicas ou nos órganos constitucionais e estatutarios.

A puntuación máxima por cursos de formación e perfeccionamento será de 10 puntos.

3.3. Grao persoal

Polo nivel 10 de grao consolidado, recoñecido e formalizado: 1 punto. Por cada unidade de nivel que exceda 10: 0,15 puntos.



No suposto en que as persoas concursantes non teñan recoñecido ningún grao persoal ou este sexa inferior a 10, outorgaráselle 0,5 puntos.

A puntuación máxima no apartado de grao persoal será de 4 puntos.

3.4. Grao de coñecemento do idioma galego

Valorarase a formación especializada en idioma galego coa seguinte cualificación:

- a) Curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, curso de linguaxe xurídica galega, ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas ou Celga 5: 1,5 puntos.
- b) Curso de nivel superior de linguaxe administrativa galego ou curso de nivel superior de linguaxe xurídica galego: 3 puntos.

A puntuación máxima no grao de coñecemento do idioma galego será de 3 puntos

3.5. Traballo desenvolvido

Só se computará o traballo desenvolvido coa condición de funcionario/a nos distintos subgrupos.

A determinación da puntuación realizarase a partir do sumatorio das puntuacións parciais obtidas no desempeño dun ou máis postos de traballo deste ou diferente nivel de destino como consecuencia de aplicar a seguinte fórmula.

$$\text{Traballo desenvolvido} = (T1 \times P1 + T2 \times P2 + \dots + Tn \times Pn)$$

Onde:

- T_i amosa o tempo total de traballo desenvolvido nun nivel de destino concreto (i) expresado en meses (teranse en conta meses de 30 días).
- P_i amosa a puntuación asignada ao nivel de destino (i) segundo o seguinte criterio:
- Polo nivel de destino 10: 0,001 puntos.
- Por cada unidade de nivel de destino que exceda 10: 0,001 puntos.

A puntuación máxima na epígrafe de traballo desenvolvido será de 2 puntos

3.6. Exercicio de dereitos de conciliación

Valorarase o exercicio dos dereitos de conciliación exercidos nos cinco anos anteriores á data de publicación da convocatoria do presente concurso do seguinte xeito:



1. Permiso por parto, adopción ou acollemento: 0,20 puntos.
2. Permiso como proxenitor diferente da nai biolóxica por nacemento, garda co fin de adopción, adopción ou acollemento dun fillo: 0,20 puntos.
3. Redución de xornada por exercicio de dereitos de conciliación: 0,02 puntos/mes.
4. Excedencia para coidado de fillos/as e familiares: 0,04 puntos/mes.
5. Ter a cargo menores de doce anos e persoas dependentes ou con discapacidade: 0,5 puntos.
6. Para acceder aos postos situados na localidade onde radique o posto de traballo do cónxuxe ou parella de feito sempre que o solicitante non teña destino definitivo nesa mesma localidade: 0,5 puntos.
7. Para acceder aos postos situados na localidade onde radique o centro de estudos ou escola infantil en que estea matriculado un ou máis fillos ou fillas menores de dezaseis anos sempre que a persoa solicitante non teña destino definitivo nesa mesma localidade: 0,5 puntos.

A puntuación das epígrafes 6 e 7 outorgarase con carácter alternativo e nunca acumulativo.

Para a valoración do exercicio de dereitos de conciliación, os meses computaranse por días naturais de 30 días e a puntuación máxima desta epígrafe será de 2 puntos.

3.7. Titulacións académicas

- a) Por ter unha titulación académica non universitaria superior ao título académico esixidos para o ingreso no corpo de funcionarios ao cal pertenza o posto a que se opte: 0,25 puntos.
- b) Por ter unha titulación académica universitaria superior ao título académico esixido para o ingreso no corpo de funcionarios ao cal pertenza o posto a que se opte: 0,5 puntos.

Non se valorarán títulos académicos imprescindibles para a consecución doutros de nivel superior que se aleguen como méritos, nin se valorarán os títulos académicos esixidos para o ingreso no corpo de funcionarios correspondente.

A puntuación máxima na epígrafe de titulacións académicas será de 1 punto

4. Presentación de solicitudes

4.1. Prazo de presentación

O prazo de presentación das solicitudes será de quince días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia.

4.2. Forma de presentación

As solicitudes presentaranse exclusivamente mediante a cobertura do formulario de solicitude en formato electrónico que figura na páxina web da institución para esta convocatoria.

As persoas interesadas en participar no procedemento de provisión do posto convocado deberán acceder ao formulario electrónico de participación, cubrir todos os datos que aparecen nel e posteriormente validalos, confirmalos, imprimir o formulario e presentalo asinado no Rexistro da ins-



titución do Valedor do Pobo ou en calquera dos lugares que establece o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas seguindo as instrucións que lles proporcionará o sistema.

Non será admitida a concurso ningunha solicitude que sexa presentada por calquera outro medio que o indicado anteriormente. As solicitudes que sexan validadas no formulario electrónico da institución e que non se presenten dentro de prazo, no Rexistro da institución ou nos lugares indicados na Lei 39/2015, serán excluídas do procedemento de provisión dos postos convocados.

Coa presentación da solicitude, as persoas participantes declaran baixo a súa responsabilidade, que son certos todos os datos que fan constar.

Na solicitude faranse constar os datos persoais e os datos administrativos referentes á situación actual da persoa participante no concurso, e os méritos que posúa e que desexa que lle sexan valorados, consonte o establecido nas bases de cada convocatoria.

Na solicitude de participación deberán incorporar o seu enderezo de correo electrónico de contacto.

Unha vez transcorrido o prazo de presentación, as solicitudes formuladas serán vinculantes para os peticionarios.

Todos os méritos alegados deberán ser acreditados, no momento en que a persoa resulte adxudicataria da praza, mediante a presentación de certificacións ou títulos orixinais ou fotocopias compulsadas dos méritos alegados na solicitude. Non será necesaria a presentación dos méritos alegados e que xa se encontren en poder da institución, que serán certificadas pola Vicesecretaría Xeral.

5. Comunicaci3ns coas persoas solicitantes

Na solicitude de participaci3n deber3n incorporar un enderezo de correo electr3nico e un n3mero de tel3fono v3lidos de contacto.

Todas as comunicaci3ns referidas ao procedemento de concurso, ag3s a presentaci3n da documentaci3n en orixinal ou copia compulsada que se lles requira 3s persoas solicitantes, realizaranse exclusivamente a trav3s do correo electr3nico indicado na solicitude.

Para o suposto de que na documentaci3n presentada existan defectos reparables, dar3selle 3 persoa interesada un prazo de cinco d3as h3biles para corrixilos.

6. Listaxe de persoas admitidas e excluídas

Expirado o prazo de presentaci3n das solicitudes de participaci3n no concurso, a valedora do pobo ditar3 resoluci3n que se publicará na páxina web da instituci3n, na cal se declarará aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas.

As persoas excluídas disporán dun prazo de dez d3as h3biles, contados a partir do d3a seguinte ao da publicaci3n da resoluci3n, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusi3n.



Transcorrido o dito prazo, a valedora do pobo ditará resolución en que aprobe a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas.

Contra a dita resolución, poderase interpoñer, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, e de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante a valedora do pobo, ou directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data e de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

7. Comisión de avaliación de méritos

Para a valoración do cumprimento dos requisitos e dos méritos achegados polas persoas solicitantes a participar no concurso, constituirase unha comisión de avaliación, nomeada pola valedora do pobo, coa seguinte composición:

- Presidencia: a persoa responsable da Vicesecretaría Xeral da institución.
- Vogal: unha persoa funcionaria que designará o persoal funcionario adscrito á institución que conte, cando menos, co mesmo nivel de titulación exixido para o ingreso no corpo correspondente ao posto ofertado. Na súa falta, elixirase unha persoa funcionaria que cumpra con estes requisitos, elixida ao chou de entre o persoal que se presente para este efecto.
- Secretaría: o/a xefe/a da Sección de Apoio e Transparencia.

Así mesmo, nomearanse suplentes para o caso de vacante, ausencia ou enfermidade.

Os membros da comisión de avaliación publicaranse na web da institución no momento da convocatoria e estarán suxeitos ás causas de abstención e recusación previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Os membros da comisión de avaliación deberán absterse, ou poderán ser recusados polos aspirantes, cando concorra algún dos supostos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público. Cando se produza esta situación e, consecuentemente, a vacante dun membro da comisión de valoración titular, o seu suplente cubrirá o devandito posto, e o presidente/a designará un novo suplente. O presidente/a solicitará dos membros da comisión declaración expresa de non encontrarse incurso nas circunstancias previstas nos artigos citados ou nas previstas nestas bases.

A comisión non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, polo menos, tres dos seus membros, e en todo caso será necesaria a presenza de presidente/a e secretaria/o.

As decisións adoptaranse por maioría dos presentes. Por cada sesión da comisión levantarase acta, coa sinatura do secretario/a e o visto e prace do/a presidente/a. Para o non disposto na convocatoria, o funcionamento da comisión rexerase polo disposto na sección 3ª. Órganos colexiados das distintas administracións públicas, do capítulo II da citada Lei 40/2015.



A comisión de avaliación terá facultades de interpretar e resolver as dúbidas que xurdan na interpretación e aplicación das bases da convocatoria e para determinar a actuación procedente nos casos non previstos. Así mesmo, poderá solicitar o asesoramento de expertos que colaboren na valoración dos méritos, os cales actuarán con voz pero sen voto.

8. Puntuación dos méritos achegados polas persoas solicitantes

Os méritos serán puntuados por medios electrónicos, en función dos datos introducidos polas persoas solicitantes no formulario electrónico habilitado para este concurso na páxina web da institución. Unha vez enviada a solicitude, non poderá engadirse ou eliminarse ningún dato.

A puntuación obtida como resultado da declaración realizada por cada unha das persoas participantes será publicada na páxina web da institución.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación, para poñer en coñecemento da institución calquera discordancia entre a puntuación obtida como consecuencia da súa declaración, e a publicada na web da institución.

Rematado o citado prazo, e dese constatar algún erro, publicarase na páxina web do Valedor do Pobo a puntuación declarada polas persoas participantes, coas correccións que procedan.

9. Comprobación dos requisitos e méritos alegados

Publicada a puntuación declarada polas persoas participantes, coas correccións que procedan, a Comisión de Avaliación requirirá mediante correo electrónico, a documentación acreditativa dos méritos alegados á persoa solicitante que obtivese a maior puntuación declarada.

O prazo para a súa presentación será de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da remisión pola Comisión, do correo electrónico ao enderezo indicado pola persoa solicitante.

Todas as condicións e méritos alegados deberán ser acreditados mediante a presentación de certificacións, títulos orixinais ou fotocopias compulsadas. Para o suposto de que na documentación presentada existan defectos reparables, daráselle á persoa interesada un prazo de cinco días hábiles para corrixilos.

Os datos reflectidos na solicitude electrónica de participación no procedemento serán os únicos que se terán en conta para a valoración. Calquera dato omitido non poderá ser invocado para os efectos de futuras reclamacións, nin poderán considerarse, por tal motivo, lesionados os seus intereses e/ou dereitos.

Os méritos e os requisitos específicos para o acceso aos postos deberán posuírse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes de participación no concurso.

Recibida a documentación, a comisión comprobará a documentación presentada e modificará, se procede, a puntuación declarada que lle corresponda de acordo coa convocatoria.



De se corrixir, minorándose a puntuación da persoa que presentou a documentación, solicitaráselle, se procede, a documentación á persoa que obtivese a maior puntuación de acordo coa puntuación corrixida e así sucesivamente, ata que a persoa que obtivese a maior puntuación teña acreditados documentalmente os méritos alegados.

10. Empate na puntuación

En caso de empate nas puntuacións, outorgaráselle o posto á persoa que acredite maior experiencia en postos pertencentes á institución do Valedor do Pobo ou institucións similares.

De persistir o empate, acudirase para dirimilo á maior puntuación obtida nos méritos segundo a orde establecida nos diferentes puntos do artigo 3.

En último lugar, o empate dirimirase por sorteo entre as persoas implicadas.

11. Resolución provisional do concurso

A comisión de avaliación, unha vez comprobada a acreditación documental da persoa con maior puntuación, remitirá proposta de resolución provisional do concurso á valedora do pobo, na cal figurará a puntuación obtida, por orde decrecente, das persoas das que se comprobou a documentación acreditativa dos méritos alegados e a puntuación declarada, por orde decrecente, polas persoas solicitantes ás cales non se lles solicitou a presentación de documentación acreditativa.

Á vista da proposta, a valedora do pobo ditará a resolución provisional do concurso, que se publicará na páxina web da institución.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación, para presentaren as alegacións ou documentación que consideren que mellor convén ao seu dereito.

A comisión de avaliación resolverá as alegacións presentadas, modificando, de ser o caso, a puntuación que corresponda, e o comunicarllelo, mediante correo electrónico, ás persoas alegantes.

12. Resolución definitiva do concurso

Resoltas as alegacións, a comisión de avaliación elevará á valedora do pobo a proposta de resolución definitiva do concurso a favor da persoa que obtivese a mellor puntuación para a praza convocada.

A valedora do pobo, vista a proposta formulada, ditará resolución definitiva en favor daquela persoa aspirante que obtivese a maior puntuación.

A dita resolución publicarase no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e na páxina web da institución, e contra ela poderase interpoñer, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, e de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de



Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data e de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

13. Toma de posesión do posto adxudicado para a adscrición á institución

O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se o posto de orixe radica na localidade de Santiago de Compostela ou en concellos xeograficamente limítrofes con este, ou de sete días se radica en localidade distinta.

O prazo de toma de posesión comezará a contarse a partir do día seguinte ao do cesamento, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes á publicación da resolución do concurso no Diario Oficial de Galicia. Se a resolución comporta o reingreso no servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde a devandita publicación.

O cómputo dos prazos de posesión iníciarase cando rematen os permisos ou licenzas que, de ser o caso, lles fosen concedidos ao/s interesado/s. Nos supostos de baixa temporal ou transitoria o cómputo do prazo iníciarase a partir da correspondente alta.

14. Recursos

Contra a resolución pola que se resolve o concurso de méritos, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a valedora do pobo no prazo dun mes, que se contará desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia e no Diario Oficial de Galicia, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contado desde a mesma data, de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2024.
María Dolores Fernández Galiño
Valedora do pobo

ANEXO

Nº de orde	Unidade orgánica	Denominación	Nivel C.D.	Grupo	Corpo	Tipo de posto	Forma provisión	Observacións
19	Serv. Adtvos.	Auxiliar administrativo	16	D ¹ (C2 ²)	Auxiliar administrativo	N	C	Persoal funcionario (*)
Observacións		(*) Coñecementos de informática a nivel usuario						

¹ Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 20 do Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia.
²) Grupo de clasificación profesional de acordo co artigo 42 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé, Alexandra Fernández Gómez, Brais Ruanova Vilas-Boas e Carmela González Iglesias, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o mantemento das bonificacións no transporte de ría e camiñar cara a titularidade pública deste servizo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo debe xogar un papel fundamental na Galiza do futuro. É necesario poñer o transporte público, tanto por estrada como por ferrocarril, ao servizo da pobo galego e ao servizo da vertebración do noso territorio nacional.

Hoxe entendemos os múltiples beneficios que ten gozar dun servizo de transporte público, reducir así o uso do transporte privado e, polo tanto, rebaixar as emisións de gases contaminantes axudando na loita contra o cambio climático.

Alén desta cuestión, o transporte público e unha mobilidade moderna, áxil e útil para o pobo galego debe ser vista coma un dereito e como un elemento vertebrador e democratizador da nosa sociedade.

Neste sentido, o transporte de ría tórnase central nas vilas e comarcas que dispoñen del, sendo unha modalidade de transporte máis áxil e que permite albergar un maior número de usuarios e usuarias por viaxe que o transporte por estrada.

Exemplo disto son os datos que proporciona a Dirección Xeral de Mobilidade, que cifra nunhas 900.000 viaxes no transporte de ría entre Vigo e o Morrazo neste último ano.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde a posta en marcha das diferentes bonificacións no transporte público impulsadas polo goberno do estado e pola Xunta de Galiza, o transporte de ría vía reducido o seu billete nun 50%, cuestión que fixo desta modalidade unha das máis atractivas e accesibles.

É necesario que a Xunta de Galiza, que di apostar polo transporte público, manteña unhas bonificacións que asumiu de xeito individual no pasado e que virían a complementar outras bonificacións xa publicitadas como poden ser a Tarxeta Xente Nova ou a Tarxeta 65+.

Ante o carácter estratéxico deste servizo é necesario, alén de bonificar os billetes, camiñar cara a titularidade pública do transporte de ría e equiparala con outras modalidades de transporte interurbano, hoxe en mans da Xunta de Galiza no caso do transporte interurbano por estrada ou o transporte ferroviario en mans do estado español.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Como valora a Xunta de Galiza a calidade do servizo de transporte marítimo na Ría de Vigo?

A Xunta de Galiza entende que un servizo esencial non pode depender unicamente dos intereses das operadoras privadas?

. Vanse levar a cabo medidas para restituír o carácter público do servizo de transporte de ría entre O Morrazo e Vigo?

. Valórase positivamente o impacto conseguido polas bonificacións nos billetes?

. Vai a Xunta de Galiza a manter as bonificacións do 50% nos billetes do transporte de ría?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2024

Asdo.: Paulo Ríos Santomé
Alexandra Fernández Gómez
Brais Ruanova Vilas-Boas
Carmela González Iglesias
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 09/12/2024 12:00:35

Alexandra Fernández Gómez na data 09/12/2024 12:03:19

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 09/12/2024 12:04:07

Carmela González Iglesias na data 09/12/2024 12:04:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de dotar de seguridade viaria para vehículos e peóns a estrada autonómica PO-252 entre Mondariz e Moscoso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada autonómica PO-252 une os concellos de Mondariz e Pazos de Borbén, en concreto ata a parroquia de Moscoso. 9 kms que conecta barrios e parroquias de Mondariz como: Toutón, Festín, Fornelos de Montes, Freaza, A Carballeira de Festín, Portacurbo, Gargamala, A Rúa, Frades, A Cambra, Mourelle, a Ponte sobre o regueiro Machado, Riofrío, Arnela, San Miguel, Praia fluvial do Val e Ponte do Val.

Esta estrada da Xunta fai conexión ademais con outros viais provinciais como: PO-9202 (Mondariz-Toutón), EP-4301 (Riofrío-Borbén) ou con estradas municipais que levan a moitos dos barrios enumerados. Incluso con outras estradas autonómicas como: PO-261 entre Mondariz e O Covelo ou a PO-250 entre Redondela e Ponte Caldelas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os Barrios e parroquias polos que discorre a PO-252, chea de curvas e carente de beirarrúa en todo o seu percorrido está actualmente moi deteriorada nos 9 km nos que atravesa o territorio de Mondariz, con falta de mantemento en moitos anos e precisando unha nova capa de rodadura que debera ser implementada dun maior ancho para poder dotar, ao seu paso polos distintos lugares poboados, dunha senda que posibilite a mobilidade a pé, con seguridade, da veciñanza que se move para facer actividade física, así como realizar a súa vida cotiá no seu barrio ou parroquia. Deste xeito evitárase o risco de accidentes de tráfico e atropelos.

Este vial debera estar dotado tamén doutros elementos que protexan a vida das persoas que transitan a pé como son pasos de peóns, mellora iluminación en zonas poboadas, etc.

Unha zona que require un estudo máis profundo sería entre o km. 0,400 e o 1 dende a Ponte do Val ata Mondariz de xeito que se analice a necesidade urxente de dotar de muros de contención para que non se produzan desprendementos da estrada cara os valados das fincas colindantes. Este tramo en concreto precisa dunha senda peonil para enlazar a vila coa área recreativa e a praia fluvial do Val. Un percorrido moi transitado a pé pola veciñanza da vila na época estival.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten previsto a Xunta elaborar un proxecto, contando coa participación cidadá, que valore a mellor opción para dotar de seguridade viaria e peonil a estrada autonómica PO-252, así como accións que conleven un control da velocidade no vial ao seu paso polos barrios e parroquias do concello de Mondariz cara a Moscoso?

Se ten prevista esta actuación, que prazos valora a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas para a elaboración do proxecto e a súa execución?

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 09/12/2024 17:39:13

Cristina Fernández Davila na data 09/12/2024 17:39:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 09/12/2024 17:39:27





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

A consellería de emprego vén de anunciar que nos próximos días os puntos de información do Servicio Público de Emprego de Galicia, van a ser retirados tras case vinte anos en funcionamento.

Son máis de cen concellos os que dispoñen deste medio para que as persoas desempregadas non teñan que desprazarse ás oficinas de emprego co trastorno que isto significa na zona rural.

Tamén serán retirados os puntos de información situados nas oficinas de emprego repartidos pola Comunidade Autónoma, que permitían máis axilidade na renovación da tarxeta de desempregado.

A entrada en servizo destes puntos de información tivo lugar baixo o Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño e supuxo un enorme avance para as persoas demandantes de emprego, principalmente aquelas que residen en contornos rurais ou teñen dificultades de mobilidade e que ata entón se vían obrigados a desprazarse ata a oficina de emprego que teñen asignada para completar calquera trámite.

O Grupo Parlamentario Socialista quere denunciar as prácticas que está pondo a conselleira de Emprego contra as persoas desempregadas, todo co fin de adelgazar de forma ficticia as listas de desemprego.





A penúltima medida foi anunciada tras o Consello da Xunta de Galicia de data 11 de novembro segundo as verbas do propio presidente “pioneira” no Estado que consiste en “afinar as listas de emprego”, dando luz verde a un procedemento sancionador que se seguirá “contra” as persoas usuarias inscritas como paradas no SPEG.

Sinalaba en rolda de prensa que durante o presente mes se contactará con todos os inscritos para que firmen o acordo de actividade.

Dende o Grupo Parlamentario afirmamos que a pretensión do Goberno galego en adelgazar as listas de desemprego non é nova, sendo presidente Feijoo, xa o Grupo socialista destapaba situacións similares.

Esta iniciativa que anuncia agora o presidente comezaba xa antes da aprobación da medida, en xuño de 2023, co resultado da baixa de 10.400 desempregadas e desempregados de longa duración das listas.

Certo é que o Goberno galego actúa contra as paradas e os parados galegos, obvia as obrigacións da Consellería de Emprego en relación ás desempregadas e desempregados, empezando como se di de forma coloquial a casa polo tellado porque non se pode realizar o compromiso de actividade que indican sen antes actualizar todos os currículos das e dos demandantes de emprego e conforme a este realizar un itinerario personalizado de inserción laboral polo orientador laboral . Sobre esta cuestión as socialistas insistimos nunha e outra vez tanto na pasada lexislatura como na actual.

Unha vez que se realice o itinerario a Xunta de Galicia ten a obriga de derivar o desempregado os cursos adecuados o seu perfil e que se adecúen as necesidades do mercado laboral . Estas obrigas non se cumpren polo Goberno galego.





En conclusión, no lle importa a Xunta de Galicia dar os instrumentos establecidos na Lei de emprego, nin da actual, nin da anterior, nin facilitar os trámites os que están obrigados os desempregados o que lle ocupa e lle preocupou sempre é manipular e adelgazar as listas de emprego, para dar unha visión do mercado laboral galego ficticio e por elo a supresión dos puntos de información do servicio de emprego de Galicia

Por ilo, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Cal é o motivo para a retirada destas máquinas?
2. Pensa o Goberno galego suplir esta retirada coa instalación de máquinas noutros lugares?
3. Como pensa suplir a Xunta de Galicia este servizo que permite a tantas galegas e galegos realizar os seus trámites?
4. Notificaron aos concellos a retirada destas máquinas? En caso afirmativo, a través de que medio?
5. Como valora o Goberno galego o trastorno que supón as persoas demandantes de emprego a decisión de suprimir os puntos de información dos servizos públicos de emprego sobre todo nas zonas rurais?
6. Con esta medida, non entende o Goberno galego, que se ocasiona un gran prexuízo ás persoas usuarias das mesmas na zona rural?
7. Entende o Goberno galego que coas últimas decisións adoptadas pola Consellería de Emprego en relación ás desempregadas e aos desempregados, se van adelgazar as listas de desemprego?
8. As medidas pioneiras do Goberno galego en relación ao emprego é simplemente adelgazar as listas de desemprego?

Santiago de Compostela, a 10 de decembro do 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2024 10:55:26
Nº Rexistro: 15388
Data envío: 10/12/2024 10:55:26.613

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/12/2024 10:46:21

Elena Espinosa Mangana na data 10/12/2024 10:46:29

Silvia Longueira Castro na data 10/12/2024 10:46:38

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

53441

@PSdeG



CSV: B0PISJTB0Chv7E6N8W4w/-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a xestión da Xunta de Galiza das axudas á adquisición de vivenda protexida nos anos 2023 e 2024.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No marco do Pacto da vivenda de Galicia 2021-2025 a Xunta de Galiza anunciou axudas á adquisición de vivenda protexida, procedentes de nova construción ou de rehabilitación. Segundo a *RESOLUCIÓN do 5 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a adquisición de vivendas protexidas e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento VI420C)*, poderán beneficiarse destas axudas as persoas físicas maiores de idade que cumpran os seguintes requisitos:

- a) *Posuír a nacionalidade española ou, no caso de seren estranxeiras, ter a residencia legal en España.*
- b) *Ser adquirente ou adxudicataria, en primeira transmisión, dunha vivenda protexida, nos termos que determine a correspondente convocatoria.*
- c) *Ter subscrito no período sinalado na correspondente convocatoria un contrato privado de compravenda visado pola área provincial do IGVS onde estea situada a vivenda ou, de ser o caso, unha escritura pública de compravenda que conteña as cláusulas obrigatorias derivadas da cualificación definitiva da vivenda.*





- d) *Que a persoa solicitante e as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia estean ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social e non teñan pendente ningunha outra débeda, por ningún outro concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma.*
- e) *Que nin a persoa solicitante nin as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia estean incursoas nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.*

Á vista dos requisitos que deben cumprir enténdese que a maioría de persoas que sexan adquirintes ou adxudicatarias dunha vivenda protexida en primeira transmisión, poderán optar a esta axuda.

Na convocatoria de 2023 o prazo de adquisición, mediante contrato privado de compravenda, para poder concorrer ás axudas era con posterioridade ao 30 de setembro de 2022 e o prazo para presentar solicitude abriuse o 27 de xuño de 2023 e finalizou o 2 de outubro de 2023.

A previsión orzamentaria para esta axuda por parte da Xunta de Galiza para o exercicio 2023 foi de 780.900€. A esta convocatoria podían optar tamén todas aquelas solicitudes da convocatoria do ano anterior que fosen denegadas por esgotamento de crédito. Porén a execución final foi de 128.000€, apenas o 16,4%. O número total de concesións foi de apenas 10 persoas en 4 concellos do país.

Á vista destes datos cabe preguntarse sobre o número total de primeiras transmisión de vivendas protexidas, para valorar cal é o número total de posibles beneficiarios e se o problema reside na falla de adxudicación de vivenda protexida en primeiras transmisións, ou pola contra se reside nalgún problema na difusión e tramitación da mesma.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para alén dos malos datos do anterior exercicio tamén é preciso sinalar que para o ano 2024 estaba previsto nos orzamentos unha partida co código 680.04 do programa de 451B de Acceso á vivenda, por valor de 1.050.000€. Estando a piques de finalizar o ano a devandita axuda nin tan sequera foi convocada, sen que se teña dado ningunha explicación por parte do executivo galego.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Como valora o desempeño desta axuda no ano 2023?
- Cantas vivendas protexidas foron adxudicadas en primeira transmisión no ano 2023?
- Cantas vivendas protexidas foron adxudicadas en primeira transmisión dende o 30 de setembro de 2022 e o 2 de outubro de 2023?
- Cantas solicitudes foron denegadas en 2022 por esgotamento de crédito?
- Cal era o número total de potenciais beneficiarios desta axuda, tendo en conta o total de vivendas adxudicadas?
- Por que só se outorgaron 10 axudas?
- Por que a Xunta de Galiza non realizou a convocatoria desta axuda para o ano 2024?
- Tomou a decisión a Xunta de Galiza de retirar dita axuda?
- Por que mantén no orzamento de 2025 dita axuda, cando non a convocou no 2024?
- Considera a Xunta de Galiza que a prioridade para garantir a accesibilidade consiste na financiación da adquisición de vivenda protexida?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 10/12/2024 13:18:58

Luis Bará Torres na data 10/12/2024 13:20:05





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2024 16:30:00
Nº Rexistro: 15410
Data envío: 10/12/2024 16:22:34.036

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Os/as socialistas de Galicia queremos facer fronte aos recortes e denunciar publicamente que a Consellería de Educación non está a cumprir coa asignación de profesores de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica, en moitos concellos de Galicia e nos concellos da Costa da Morte. A maioría destes recortes afectan a nenos e nenas con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

Non existen táboas retributivas definidas como tales. Aplícanse unhas retribucións estandarizadas para determinadas actividades que se replican. Porén o anterior existen outras actividades que non poden someterse a esta norma xa que dependerán dun caché determinado en función, por exemplo, do artista contratado.

Este non é o primeiro intento de modificación e actualización da clasificación profesional. Entre os anos 2005 e 2006 durante a negociación dun texto de convenio colectivo xa se podía ter acadado a nova clasificación, pero cando a parte social presentou o proxecto a Asemblea de traballadores, este foi rexeitado.

A CRTVG non pode de xeito unilateral modificar a clasificación. Precísase dun traballo e esforzo en común para poder levar a bo termo a negociación, respectando escrupulosamente os límites orzamentarios e conxugando as necesidades produtivas e novas tarefas coa descrición das categorías que se propoñan. Ata o momento parece que a parte social intenta acadar a través da nova clasificación un incremento retributivo que non é acorde coas limitacións legais existentes, entendendo ademais que se trata de colectivos cunhas retribucións medias situadas por riba do que é habitual, por exemplo, no funcionariado da Xunta de Galicia. As negociacións incluso se levaron ao Consello Galego de Relacións Laborais sen que esa vía tivese tampouco ningún éxito.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





A dirección da CRTVG ten boa fe negociadora en todos os foros que ten abertos. Realiza á parte social todas as consultas que legalmente son preceptivas e tamén aquelas que cree necesarias, aínda que non exista imperativo legal.

Non se entregou ningún informe segundo o que figura no texto introdutorio da pregunta. A parte social pretendía obter un informe no que a Dirección Xeral de Emprego Público verificase o feito de que os acordos que contemplan incrementos retributivos máis aló do permitido pola lei de orzamentos son nulos, algo para o que non é preciso informe algún porque xa é o que marca a lei. A norma é clara: somos sector público, estamos vinculados pola normativa que se cita e o teor literal non deixa lugar a dúbidas polo que non cómpre facer máis consideracións a este respecto.

A parte social abriu paralelamente dous importantes foros de negociación como son un novo texto de Convenio Colectivo e unha nova clasificación profesional, aos que hai que engadir as habituais xuntanzas cos órganos de representación e todo o traballo diario que se xera nun departamento de RRHH: contratación, nóminas, seguridade social, permisos, licencias.... Para mostra da notable actividade dos órganos de diálogo social no ano 2022 realizáronse 71 reunións formais, 6 excluindo aquelas que non se computan por non ter convocatoria concreta, e no ano 2023 realizáronse 77 xuntanzas formais.

O sistema das listaxes de contratación herdado e que estaba establecido na Corporación derivou na institucionalización de listaxes interminables, nas que permanecen efectivos con poucas ou ningunhas posibilidades de acceder a unha contratación, e á vez nun sistema de contratación recorrente e non estable. Esta fórmula non é sostible nin crea emprego de calidade, polo que cómpre proceder ao establecemento de listaxes máis curtas que derivan en estabilidade no emprego”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/12/2024 9:32:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2024 09:32:35
Nº Rexistro: 15476
Data envío: 12/12/2024 09:32:35.199

CSV: B6P5TRBQ3-KATF6xW49-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 10870**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros deputados e deputadas, sobre **“os criterios informativos adoptados pola CRTVG en relación co informe do Consello da Cultura Galega relativo á implantación do complexo de Altri en Palas de Rei”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación Radio e Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta xa foi respostada polo director xeral da Corporación na Comisión de control á CRTVG do 27 de setembro de 2024 (POC 10869, respostada ao BNG).

Nesta exposición, explicouse que a CRTVG ten un escrupuloso respecto por todas as institucións e os representantes das mesmas. A Corporación non ten o menor problema co Consello da Cultura Galega a quen respecta como institución, respecta a todos e cada un dos seus membros e con que amais ten unha fluída relación de colaboración. Pretender inferir o contrario é sinxelamente falso.

E o que é máis importante, a CRTVG respecta a todas as institucións tanto se os resultados dos traballos ou das resolucións que emiten son favorables para a Corporación como se non o son.

En relación coas preguntas formuladas: cada medio e formato dentro da Corporación deu un tratamento diferente a esta cuestión, segundo os seus criterios, espazos e tempos.

As informacións da Corporación neste e noutros temas son equilibradas. A CRTVG ofreceu unha cobertura extensa e diversa sobre o proxecto de Altri en Palas de Rei, presentando informacións con posturas tanto favorables como contrarias ao proxecto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/12/2024 9:32:26



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/12/2024 09:32:27
Nº Rexistro: 15475
Data envío: 12/12/2024 09:32:27.543

CSV: B6P5T8B3C3vzF6QW6A7-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 11189**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e don Oscar Insua Lema, sobre **“a situación do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución de Celanova no referido ao aumento de asuntos pendentes de resolución e á necesidade de axustar o cadro de persoal a esta carga de traballo”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“O xulgado de primeira instancia e instrución único de Celanova é, xunto co mixto único de Bande, o que soporta menos carga de traballo na provincia de Ourense, tal e como se constata practicamente cada trimestre con ocasión da elaboración da estatística xudicial.

O número de traballadores do xulgado é axustada a este tipo de órganos e ao volume de traballo.

No relativo ao rexistro civil e conforme ás estatísticas que aporta o Sistema de Información do Rexistro Civil (INFOREG), durante os anos 2023 e no que leva transcorrido do 2024, non se aprecia ningún aumento significativo no número de expedientes de nacionalidade, nacemento, matrimonios ou defuncións. A acumulación de expedientes relativos á memoria histórica non se debe a ningún incremento excepcional senón a outras causas, como son o envío de peticións que corresponden a outras oficinas do rexistro, así como, en maior o menor medida, á distribución ou división do traballo existente no órgano, cuestións todas elas alleas ás competencias da Xunta de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2024 10:28:27
Nº Rexistro: 15373
Data envío: 10/12/2024 10:28:27.087

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/12/2024 10:28:25

CSV: B6P5T8DCC0F8A8M1G-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 13734**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **“os pasos dados pola Xunta de Galicia para aprobar os contratos temporais de xestión pública dos montes e as previsións en canto á súa materialización cos distintos tipos de propietarios”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia xa está a elaborar o regulamento polo que se rexerán os contratos temporais de xestión pública dos montes e o fondo de melloras, en desenvolvemento da Lei 7/2012 de montes. Este marco responde ás directrices do Plan Forestal de Galicia 2021-2040, que promove unha xestión forestal sustentable enfocada na multifuncionalidade do monte e a implicación das persoas titulares dos dereitos de aproveitamento.

A formalización dos contratos temporais de xestión pública está prevista unha vez os propietarios manifesten a súa vontade de subscribir os contratos, segundo o borrador de decreto (terán o prazo de un ano). Despois, a xunta comezará o procedemento de sinatura dos contratos. Estes contratos substituirán os antigos convenios e consorcios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/12/2024 10:28:59



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2024 10:29:00
Nº Rexistro: 15374
Data envío: 10/12/2024 10:29:00,088

CSV: B6PISJTB93-H6fR6xWmV47
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 13770**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Secundino Fernández Fernández e outros deputados e deputadas, sobre **“a situación provocada polo temporal Kirk no sector da castaña, os balances realizados pola Xunta de Galicia nas principais zonas produtoras e a eventual posta en marcha de liñas de axudas”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 13292 e debatida no Pleno do 23 de outubro de 2024, ao que nos remitimos porque ofrece información sobre as cuestións formuladas.

O debate pode ser consultado na seguinte ligazón:

<https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTVkNDQ3MjQtNGU2My00N2QzLWFhMDEtNjg4ZWVjYTBhZDQy>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/12/2024 10:29:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2024 10:29:24
Nº Rexistro: 15375
Data envío: 10/12/2024 10:29:24.416

CSV: BGRISIRBDC39p66Hw67
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/12/2024 10:29:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2024 10:29:51
Nº Rexistro: 15376
Data envío: 10/12/2024 10:29:51.041

CSV: B6P5TRB3-HbJNg6RwV.7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 13964**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **“as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto da valoración dunha mellora do marco de apoio económico ás vítimas de violencia machista en consonancia co contexto de incremento da carestía da vida”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Galicia conta cun recurso económico propio, a prestación periódica que mantemos desde hai 18 anos de xeito ininterrompido. Unha prestación que no vindeiro ano 2025 contará cun orzamento de 4,3M€.

É importante ter en conta que somos a única comunidade que a ofrece.

Son achegas de entre 200 e 800 euros ao mes durante un ano. Unhas axudas coas que xa temos axudado a 7.700 mulleres desde 2006, e a un total de 376 nos seis primeiros meses deste ano.

Ademais desta prestación periódica, Galicia conta cunha prestación de pago único que é compatible coa primeira e tamén con outras prestacións.

Unha prestación que equivale como mínimo a 6 meses de subsidio de desemprego, que se incrementa en función da situación concreta da vítima, e que en 2025 verá incrementado nun 60% os seus fondos ata chegar aos 2,7M€.

Ademais, o Goberno galego mantén outros apoios como poden ser as axudas á mobilidade xeográfica para as mulleres que teñan necesidade de cambiar a súa residencia habitual. Ou as axudas para vítimas gravemente feridas e orfos.

Tamén é importante sinalar que a Xunta de Galicia inviste 3,9 millóns de euros ao ano en programas de formación e emprego para as vítimas de violencia de xénero.

E, como se trata dunha materia transversal, búscase a implicación de todo Goberno galego nas medidas. É o caso do bono alugueiro social, coa Consellería de Vivenda. E a colaboración coa Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes para ofrecer asistencia gratuíta e garantir a presenza de traballadoras sociais nas oficinas de atención á vítima”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA,
XUSTIZA E DEPORTES



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2024 10:58:18
Nº Rexistro: 15390
Data envío: 10/12/2024 10:58:18,239

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: B6P5T8B2G4M4G4J4M4V-7
Verificación: CVE-PPREPAR: 665d5055-d3d8-7da8-17a3-14e29ecc4d36
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/12/2024 10:58:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2024 10:58:18
Nº Rexistro: 15390
Data envío: 10/12/2024 10:58:18,239

CSV: B6P5TRB9GKATGJWmV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 14016**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Cristina Fernández Davila e don Paulo Ríos Santomé, sobre **“o problema de seguridade para os alumnos/as que viaxan en vehículos de liñas interurbanas destinados a transporte escolar por teren que viaxar de pé se non hai prazas abundas e as previsións da Xunta de Galicia ao respecto”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“A lexislación vixente permite o uso de prazas de pé no transporte de viaxeiros por estrada, ata completar a capacidade do vehículo, cando cumbran dúas condicións: que os autobuses teñan habilitadas prazas de pé na súa homologación técnica e que o servizo circule por vías convencionais cunha velocidade máxima de 80 km/h.

Ambos os dous requisitos, conxuntamente, diríxense a que as persoas usuarias viaxen en condicións adecuadas de seguridade.

É preciso aclarar que o alumnado de ensino obrigatorio conta con reserva de praza no servizo de transporte público da Xunta, polo que viaxa nos asentos dispoñibles.

No transporte compartido e no resto de servizos de uso xeral, o alumnado de ensinanzas non obrigatorias accede ao autobús como calquera outro usuario xeral, se ben, pode facelo de balde empregando a tarxeta TMG Xente Nova”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/12/2024 10:30:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2024 10:30:16
Nº Rexistro: 15378
Data envío: 10/12/2024 10:30:16.838

CSV: BGRISIRBDEY4f66X0M6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 14021**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Carmela González Iglesias e don Paulo Ríos Santomé, sobre **“o funcionamento do transporte público por estrada no concello de Gondomar no que atinxe á oferta de prazas, aos horarios e á información subministrada aos usuarios/as”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“O traballo de seguimento continuo do Goberno galego fai posible a identificación dos desaxustes que se poden producir no desenvolvemento do Plan de transporte público de Galicia e adoptar, en consecuencia, as medidas que correspondan para evitar incidencias e asegurar un servizo de calidade.

En concreto, a fin de comprobar posibles situacións recorrentes de alta demanda, analizouse a expedición á que se fai referencia nesta iniciativa, con saída ás 06:15 horas de Fornelos e chegada aproximada a Vigo E.I. ás 08:04 horas.

A análise realizada non revelou problemas de ocupación reiterados con respecto do vehículo empregado.

Cómpre apuntar de igual xeito que, ademais do servizo sinalado, para o que se prevé o paso por VINCIOS ás 07:30 horas, os usuarios dispoñen doutro servizo con paso por

VINCIOS ás 07:47 horas en día laborable.

En total, en día laborable, a oferta vixente para o traxecto Gondomar-Vigo E.I. contempla 6 servizos entre as 07:00 e as 08:00 horas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/12/2024 10:30:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2024 10:30:50
Nº Rexistro: 15379
Data envío: 10/12/2024 10:30:50.901

CSV: B0PIS7B93aVE6nWwA7-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Verificación: CVE-PPREPAR: 505e8681-9d79-0648-50d2-2722dc5faeb9
<https://sede.parlamentodegarcia.gub.tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2024 10:41:44
Nº Rexistro: 15439
Data envío: 11/12/2024 10:41:44.857

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/12/2024 10:41:44

CSV: B6P5D8D9L2dttrm4w-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 14115**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Ariadna Fernández González, sobre **“as ratios de persoal de atención directa nas residencias de maiores e a normativa que as regula”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O novo modelo de coidados posto en marcha polo Goberno galego ten como obxectivo facer máis humanos e accesibles os centros residenciais. Este modelo está centrado en 4 piares básicos: a innovación asistencial, o aproveitamento das vantaxes que ofrecen as novas tecnoloxías, a transformación arquitectónica dos centros e a humanización dos coidados.

Entre as medidas postas en marcha destacan, entre outras, a implantación en todos os centros residenciais da historia clínica electrónica, a creación dun certificado de calidade, a elaboración dun censo común estandarizado para todas as residencias ou o desenvolvemento dun plan de formación continuo para os profesionais dos centros.

Ademais, a Xunta tamén ten apostado polo impulso da modernización tecnolóxica das residencias da rede pública autonómica coa instalación de monitores multiparamétricos para medir os datos de saúde dos usuarios, a dotación de habitacións intelixentes ou a implantación de novos sistemas de rehabilitación virtual. Nesta liña de melloras na atención, proximamente se crearán dous centros de coidados intermedios en Santiago de Compostela e en Mos, nos que se atenderá a persoas que xa recibiron a alta médica pero que seguen necesitando coidados especializados.

Por último, hai que lembrar o impulso que se ten dado á teleasistencia avanzada, coa dotación de dispositivos tecnolóxicos para mellorar a calidade de vida e autonomía dos galegos e galegas que se benefician deste servizo, e o desenvolvemento doutras medidas complementarias que buscan responder ás novas necesidades das persoas maiores: como a estratexia de soidade non desexada ou a estratexia contra o idadismo”.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,
(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 11/12/2024 10:41:35



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/12/2024 10:41:36
Nº Rexistro: 15438
Data envío: 11/12/2024 10:41:36,685

CSV: B6P5TRB03yJfBn4Wf9/-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asunto: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 14122**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Iria Taibo Corsanego e outros deputados e deputadas, sobre **“a implantación da lingua galega nos servizos ofrecidos polas notaría, as medidas de normalización que puxo en marcha o Goberno galego neste ámbito nos últimos anos e as súas previsións cara adiante”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“O uso do galego nas notaría da nosa Comunidade non é tan escasa como se pretende, senón que é unha realidade que está presente dende o momento mesmo en que atenden ou prestan os seus servizos nesta lingua oficial.

É importante salientar que as competencias en materia de Rexistros e Notarías corresponden ao Ministerio de Xustiza.

A actuación da Xunta é a prevista no Plan xeral de normalización da lingua galega aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 21 de setembro de 2004.

Porén, respectando o ámbito de competencias propio de cada institución e en aras á consecución e establecemento dunha realidade e igualdade bilingüe para salvagarda dos dereitos lingüísticos da cidadanía nas súas relacións co Notariado, o Goberno galego avoga polas vías de colaboración co Colexio do Notariado. Colaboración que se concreta na posta a disposición do Servizo de Tradutores e Intérpretes en orde á tradución e publicación da normativa básica e consolidada reguladora do Notariado, nun texto bilingüe castelán-galego; a elaboración dos formularios e modelos normativos dos documentos e escrituras públicas máis usuais no tráfico xurídico e a formación do colectivo notarial na lingua galega, especialmente da linguaxe xurídica, no marco das actividades formativas ofertadas pola EGAP”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2024 10:31:38
Nº Rexistro: 15380
Data envío: 10/12/2024 10:31:38,932

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/12/2024 10:31:38

CSV: B6PIS7B93Mf6p6wAzm6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 14232**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros deputados e deputadas, sobre **“as previsións que ten o Goberno galego verbo dun eventual traslado do Punto de Encontro Familiar de Ourense e as valoracións que fai respecto das queixas existentes polas condicións en que leva a cabo as súas funcións”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son un equipamento social, de carácter neutral, especializado no cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente - nomeadamente os xulgados- e que busca favorecer as relacións entre os nenos, nenas e adolescentes e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas vese interrompido ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflictivo.

Noutras comunidades autónomas, este servizo é prestado polas administracións autonómicas e locais. No caso de Galicia, é prestado e sufragado exclusivamente pola Xunta de Galicia sen que os concellos acheguen financiamento algún.

Entre outros, os PEF teñen os seguintes obxectivos:

1. Favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental dos menores e a manter a relación con ambos os proxenitores despois da separación.
2. Facilitar o encontro dos fillos co proxenitor non custodio e, de ser o caso, coa súa familia extensa.
3. Garantir a seguridade dos menores durante o cumprimento do réxime de visitas e previr posibles situacións de violencia.

Os PEF realizan intervencións relacionadas coa execución do réxime de visitas, como por exemplo as entregas e recollidas das e dos menores, visitas tuteladas ou visitas supervisadas, sempre baixo o principio de temporalidade: co obxectivo de normalizar as relacións familiares, e non a cronificar estas intervencións.

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Pero ademais do cumprimento do réxime de visitas, tamén levan a cabo outras intervencións coma o deseño e desenvolvemento dun programa psicosocioeducativo individualizado de intervención coas familias e os menores, coa finalidade de acadar a normalización das relacións familiares; a orientación e apoio familiar proporcionando información, atención e asesoramento ás persoas proxenitoras e aos menores; a intervención en negociación e aplicación de técnicas mediadoras, ou intervencións encamiñadas a reducir o impacto da nova situación familiar e preparar as persoas proxenitoras e aos seus fillos para que as relacións entre eles se cheguen a normalizar.

Respecto da situación do Punto de Encontro Familiar da cidade de Ourense, cómpre lembrar que a Xunta de Galicia aprobou en 2020 a ampliación dos horarios de todos os puntos de encontro familiar da Comunidade Autónoma, ao pasar de catro aos sete días da semana. Isto permitiu reducir o número de expedientes en agarda en todos os puntos de encontro, facilitando o acceso das familias a este recurso unha vez que se produce a derivación do xulgado correspondente, de modo que a día de hoxe non existen familias en agarda para acceder ao PEF de Ourense.

Con todo, a posta en servizo dos novos puntos de encontro familiar de Verín e Lalín redundará positivamente no funcionamento do PEF de Ourense, ao asumiren estes recursos comarcais algúns expedientes que ata agora eran asumidos polo PEF de Ourense.

Finalmente, respecto dos casos de violencia de xénero, este punto de encontro familiar dispón dun protocolo específico para realizar estas intervencións, dando cumprimento ao que establezan os órganos xudiciais correspondentes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi, Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/12/2024 10:58:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2024 10:58:08
Nº Rexistro: 15389
Data envío: 10/12/2024 10:58:08,974

CSV: B0P5TRB0C00650P00V-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Asunto: Remisión contestación parlamentaria

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 14239**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e dona Patricia Iglesias Rey, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego da capacidade do seu sistema de emerxencias para lles dar resposta aos fenómenos extremos derivados do cambio climático”**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes en resposta á interpelación en Pleno número 14234, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 3 de decembro de 2024, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes explicou que a Xunta leve investido nos últimos anos case 190 millóns de euros no funcionamento, o equipamento e a formación dos servizos de emerxencia. Salientou tamén que o Goberno galego mantén actualizados todos os protocolos e plans de actualización e organiza de maneira periódica simulacros cos que comprobar a eficacia da coordinacións dos efectivos.

A resposta completa do conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes pode verse nos seguintes enlaces:

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZjY1MzIOMTEtMWZmNy00OTFjLWJmOWEtMmNhYzg3YTAyMzVj&start=9432)

[id=ZjY1MzIOMTEtMWZmNy00OTFjLWJmOWEtMmNhYzg3YTAyMzVj&start=9432](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZjY1MzIOMTEtMWZmNy00OTFjLWJmOWEtMmNhYzg3YTAyMzVj&start=9432)

[https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZjY1MzIOMTEtMWZmNy00OTFjLWJmOWEtMmNhYzg3YTAyMzVj&start=10415)

[id=ZjY1MzIOMTEtMWZmNy00OTFjLWJmOWEtMmNhYzg3YTAyMzVj&start=10415”](https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZjY1MzIOMTEtMWZmNy00OTFjLWJmOWEtMmNhYzg3YTAyMzVj&start=10415).

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(Documento asinado dixitalmente)

Sandra Vázquez Domínguez

PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA

Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/12/2024 10:32:04



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/12/2024 10:32:05
Nº Rexistro: 15381
Data envío: 10/12/2024 10:32:05.589

CSV: B0P5TRB9jD4tR6FXh9/-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-VdF6rAVmV-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

